



XUNTANZA DE GAITEIROS

Romaría no campo da Reiboa (San Xoán - Poio) na que non faltarán polbeiras e rosquilleiras, así como artesáns de instrumentos musicais, de coiro, cesteiros, etc. Durante todo o día haberá un escenario con micros abertos desde as 10h para a participación musical libre de todos aqueles solistas ou grupos de música tradicional que o desexen. Para tocar no escenario será preciso inscribirse antes do 8 de xullo dirixíndose á Escola de Música Tradicional de Poio a través do teléfono 696 731 625 (Jose) ou do e-mail ferber2@terra.es aportando o nome do solista ou do grupo e a hora preferida para tocar.

